



Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 MALB	Documento 10819I0AX5	
Código de verificación ! " # \$ % & ' (& # & { } * ! + , - . : / 0Z5S 5U2W 2T25 2T6P 0ACK	Expediente 108/2019/217	
	Data 09-10-2025	

ANUNCIO

Asunto: Declaración de caducidade do procedemento para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de xefe/a de servizo de Persoal, ref. 0169.

Por resolución do concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 26/09/2025, resolveuse o seguinte:

1.- Iniciar os trámites para declarar a caducidade do procedemento de provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo de Persoal do Concello da Coruña (ref. 0169), cuxas bases específicas foron aprobadas por resolución da concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 16.02.2019, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 40, do 26.02.2019; no Boletín Oficial do Estado núm. 64, do 15.03.2019 e no Diario Oficial de Galicia núm. 65, do 03.04.2019.

2.- Enmarcado na planificación e ordenación estratéxica dos recursos humanos do Concello da Coruña, procede iniciar os trámites administrativos para realizar unha nova convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo de RRHH do Concello da Coruña (ref. 0169), de acordo co sistema de provisión fixado na vixente RPT (BOP núm. 31, 14.02.2025).

3.- Notificar esta resolución de forma individual aos solicitantes que participaron na convocatoria, que, de conformidade cos datos que obran no expediente, son os seguintes:

MENDEZ LEIVA , JUAN ESTEBAN
PEREZ GARCIA , ROMAN
GONZALEZ GIL , EDUARDO
RODRIGUEZ SASTRE , LAURA
ABAD CARRERA , LORENA ARANZAZU
IGUALADA SAÑUDO , BLANCA .

4.- Publicar un extracto da resolución, para xeral coñecemento, na intranet municipal (SPO-Alfresco), na páxina web (<https://www.coruna.gal>) e no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña.

5.- Outorgar aos interesados un trámite de audiencia, aos efectos de posibles alegacións, por un prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da notificación.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

Manuel Ángel Jove Losada

Director de Área de Administración Xeral